

Acta núm. 12/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 13 de maio de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.
Non asiste: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 12.45 horas do 13 de maio de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 9 de maio de 2019.
- 2º.- Comunicacóns previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de segregación.
- 4º.- Licenzas de primeira ocupación.
- 5º.- Licenzas de obra maior.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 9 DE MAIO DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 9 de maio de 2019, acta núm. 11/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicacón previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en nome e representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO bloques 3-4, na que comunica que se van realizar labores de limpeza da fachada e da cuberta dos bloques 3-4, para posteriormente proceder á reparación das fisuras da fachada, encintado, selado e aplicación dun revestimento impermeable.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicacón previa asinada por Ana C. Camiño Villaverde, que di actuar en nome e representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ALDEA DO RÍO PEGO, na que comunica que se van realizar labores de reparación puntuais das cubertas para evitar a entrada de filtracións de auga.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BALBINO FERREIRO FRAGA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Adoufe nº 9 - Os Ánxeles, substituindo a tella existente por tella nova, colocando un cano interior e pintando a cheminea, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (6854803NH2465S0001HG) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Adoufe, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DORINDA JUNCAL GUERRA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda situada en Guisande nº 24 - Os Ánxeles, substituindo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por KATIA GARCIA ABELLEIRA, na que comunica que vai colocar tella sobre a cuberta de fibrocemento existente, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma nunha vivenda sita no lugar de Bemil 33, Bastavales.

A parcela (7011901NH2471S0001HB) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSE VAZQUEZ CASTRO, na que comunica que vai construír un peche, no linde sur dunha parcela sita no lugar de Coruxido nº 53-Bastavales, de aproximadamente 26 metros lineais, con bloques de formigón visto ata unha altura de 1,20 m. e arame por enriba. A altura total do peche será de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAIME RIVAS LESTA, na que comunica que vai construír un peche, no linde leste dunha parcela sita no lugar de Adoufe nº 3 – Os Ánxeles, de aproximadamente 44 metros lineais, con bloques de formigón e arame por enriba. A altura total do peche será de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

A parcela (6854805NH2465S00001AG) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Adoufe, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A altura da parte de bloques de formigón non será superior a 1,20 m. e deberá estar convenientemente revestida e pintada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUIS MENDEZ COUSO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Salaño Pequeno nº 17 - Ons, substituíndo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela (07090904NH2408N0001PA) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM e sitúase dentro do contorno de protección do Pazo dos Armesto, incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como OE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Rosa María García Carbia, que di actuar en representación de JESUGAR S.L., na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Caxusa 14, Bastavales, coas seguintes características:

.- No linde coa vía pública situarase a 4 m. do eixe do vial; executaranse 17 m. lineais con bloques de formigón tipo split de 1,00 m. de alto sobre a rasante natural do terreo e lamas de aluminio lacadas en cor por enriba e un portal de entrada, e 48 m. lineais con muro de formigón de 0,20 m. de altura sobre a rasante natural do terreo e 1 m. de reixa metálica. A altura total do peche non será maior de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

.- No linde norte e oeste executarase con bloque de formigón de 0,60 m. de altura e reixa metálica por enriba, de 1,20 m. de altura.

A parcela onde se pretende construír o peche atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os bloques de formigón serán convenientemente revestidos e pintados.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JULIAN FARIÑA PIÑEIRO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela situada en Soigrex - Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Carlos Riveiro García, expte. nº VN18001944, visado inicialmente na data 17.08.2018, e a documentación complementaria con visado do 14.12.2018.

Antecedentes:

Con data 22.07.2009 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o estudo de detalle titulado "Reaxuste de aliñación nun tramo de travesía urbana da estrada autonómica AC-300 (A Picaraña – Os Ánxeles)" redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.

O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia de data 26.08.2009 e o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos, foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de data 17.08.2009.

Dito estudo de detalle modifica a aliñación marcada nos planos de ordenación do PXOM, para unha maior coherencia e rigor á hora de ordenar a travesía urbana.

Descrición da parcela de orixe:

Superficie segundo medición recente: 4.322,80 m²

Referencia catastral: 6745104NH2464N0001ZD.

Clasificación urbanística: Solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

Lindes:

Norte: Parcela segregada.

Sur: Manuel Rey Pereira.

Leste: Camiño.

Oeste: Estrada Os Ánxeles – A Picaraña.

Sobre a parcela existen unhas edificacións que ocupan unha superficie en planta total de 241m².

Segregación pretendida:

PARCELA A:

Superficie bruta: 1.884,32 m².

Superficie neta: 1.835,00 m².

Superficie de cesión: 49,32m² (coincidente co aliñamento fixado no estudo de detalle aprobado con data 22.07.2009)

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-1).

Lindes:

Norte: Parcela segregada.

Sur: Parcela B.

Leste: Camiño.

Oeste: Estrada Os Ánxeles – A Picaraña.

Sobre a parcela existe unha edificación de dúas alturas que ocupa unha superficie en planta de 127m².

PARCELA B:

Superficie bruta: 2.438,48 m².

Superficie neta: 2.381m².

Superficie de cesión: 57,48m² (coincidente co aliñamento fixado no estudo de detalle aprobado con data 22.07.2009).

Clasificación urbanística: solo urbano (UC-1).

Lindes:

Norte: Parcela A.

Sur: Manuel Rey Pedreira.

Leste: Camiño.

Oeste: Estrada Os Ánxeles – A Picaraña.

Sobre a parcela existe unha edificación de planta baixa que ocupa 114 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 49,32 m² e 57,48 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA KATTERINA GÓMEZ PARDO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Gronzo nº 48, Brión. Con data 01.12.2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción da vivenda.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Amancio Losada Vicente, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos técnicos de Galicia o 01/03/2019, e comprobado polo Colexio oficial do director da obra, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE LUIS MILAN DOPICO, de solicitude de licenza para a construción de edificación dedicada ao aloxamento e mantemento de animais (cabalos), no Outeiro 43, Os Ánxeles, en solo rústico, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Vicente Guerra Corredoira, visado nº 702/18 polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas.

As parcelas onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 15013A038011270000US, nº15013A038009510000UD, nº15013A038009500000UR, nº15013A038011300000US, nº15013A038011290000UU, nº 15013A038011310000UZ, nº15013A03811330000UH e nº 15013A038011350000UA, están situada en solo clasificado polo PXOM como rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do informe favorable en canto ao uso da Consellería do Medio Rural, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais, á construción e ao uso autorizado, segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
 - A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Vicente Guerra Corredoira, visado nº 702/18 polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas, en base ao cal se lle outorga a licenza e ao anexo ao proxecto referente ao cumprimento da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia presentado no Concello con data 29.04.2019 (r.e. núm.1461).
 - Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
 - Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
 - Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
 - Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
 - Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
 - Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade, segundo a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e normativa de desenvolvemento.
- Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 12,57 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González